

*** ESTATUTOS ***

Club Sen Amarras

CAPITULO I:

NORMAS XERAIS:

Artigo 1º.-

O Club Deportivo Sen Amarras é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Artigo 2º.-

O Club Deportivo Sen Amarras practicará como principal modalidade deportiva a de deportes para persoas con discapacidade, e solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia.

O Club Deportivo Sen Amarras practicará así mesmo as modalidades deportivas de REMO, PIRAGÜISMO, DEPORTES AEREOS, MOTONAUTICA, VELA, PESCA DEPORTIVA, NATACIÓN, SUBMARINISMO e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3º.-

O domicilio Social do Club Deportivo Sen Amarras fíxase na rúa A Rocha nº 19B, C.P.: 36740, Tomiño, provincia de Pontevedra, Teléfono: 986 62 30 44 Fax: 986 09 82 69; E-Mail: senamarras@gmail.com.

O Presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, e ó Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGACIÓNS

Artigo 4º.-

O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións.

Artigo 5º.-

O Club Sen Amarras contempla a existencia de tres tipos de socios: Numerarios, Extraordinarios ou Non Numerarios e socios colaboradores ou Socios de Honra.

Poderán ser Socios Numerarios:

- a) As persoas con discapacidade acreditada, maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- b) As persoas con discapacidade acreditada, menores de idade, non emancipadas, de máis de catorce anos, previo consentimento, documentalmente acreditado, dos seus/súas pais/nais ou titores/as.
- c) Os pais/nais, titores/as ou representantes legais en representación dos/as menores de idade ou incapaces.
- d) Persoas que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con discapacidade, tendo que vir avalado por dez socios/as do club deportivo Sen Amarras non podendo alcanzar un número superior a un 20 por cento da totalidade dos/as socios/as de dereito.
- e) E que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

Socio extraordinario, o no numerario

Tamén poderá haber socios extraordinarios. Estes socios terán dereito a facerse oír («dereito de voz») nas Asembleas Xerais, pero no disporán de dereitos de sufraxio activo nin pasivo en tales Asembleas. A condición de socio extraordinario quedará rexida polos requisitos que determine o Regulamento Interno, que establecerá para ditos socios a cota, os dereitos e os deberes que lles correspondan.

Socios/as de Honra e Colaboradores/as

Club Sen Amarras poderá ter Presidente/a de Honra.

Así mesmo, poderán ser nomeados/as socios/as de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins do Club Sen Amarras e do colectivo que representa.

Os/as socios/as de honra non estarán suxeitos/as ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto

Os/as colaboradores/as serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada co Club mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. Os/as colaboradores/as non son titulares de obrigas nin dereitos.

Artigo 6º.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos do club.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente do Club .
- d) Coñecer-las actividades do Club e examina-la súa documentación, previa petición razoada ó Presidente.
- e) Expor libremente as súas opinións no seo do Club.

f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno do Club, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboa-las cotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou modalidades Deportivas.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou Presidente, para o bo goberno do Club.

3.- Os socios aspirantes terán dereito a aproveitarse dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a aproveitarse daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

Artigo 7º.-

Para ser socio non numerario ou extraordinario, será necesario solicitalo por escrito ó presidente do club. A entrega do impreso de solicitude de admisión, debidamente cumprimentado, terá os efectos de solicitude de ingreso en calidade de socio numerario ou extraordinario. A Xunta Directiva resolverá sobre a admisión do socio, baseándose nos Estatutos, o Regulamento Interno e a lexislación vixente.

Para a admisión do solicitante será necesario que a Xunta Directiva o acorde por maioría de dúas terceiras partes. A Xunta Directiva poderá delegar esta tarefa nunha Comisión de Admisións, que tomará as súas resolucións de acordo coas mesmas condicións de maioría. Dita Comisión rexerese polas normas de creación e funcionamento que determine o Regulamento Interno con respecto ás comisións.

Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- a) Te-la idade sinalada para cada unha delas.
- b) Solicitude por escrito dirixida ó Presidente.
- c) Satisface-la cota de ingreso correspondente.

Artigo 8º.-

A condición de socio pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo
- c) requirimento de pago, e consecuente Resolución do Presidente.
- d) Por acordo do presidente no seu caso, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira asemblea xeral que se celebre.
- e) Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

CAPITULO III

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

Artigo 9º.-

Son Órganos de representación e goberno do Club, a Asemblea Xeral e o Presidente.

Artigo 10º.-

O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal convoca e preside os órganos de representación e goberno executando os acordos destes.

O cargo de Presidente é a título gratuíto e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo, o igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 11º.-

O Presidente cesará por:

- a) Transcorre-lo prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.

Artigo 12º.-

1.- Como órgano complementario dos de goberno e representación poderá haber unha xunta directiva que actuará como órgano colexiado de xestión do Club, e exercerá as funcións que este estatuto lle confire.

2.- Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo presidente, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Da mesma formará parte un secretario e un tesoureiro. Tódolos cargos serán gratuítos e carecen de interese nos resultados económicos do Club por si mesmos ou persoa interposta.

Artigo 13º.-

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso do Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración.

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

3.- En especial corresponde á Xunta Directiva:

- a) Dirixir a xestión do Club, velado polo cumprimento do seu obxecto social.
- b) Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá a aprobación da Asemblea.
- c) Aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do Club.

Artigo 14º.-

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de rexistro de socios e o Libro de Actas.

Artigo 15º.-

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º.-

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno do Club e estará integrada por tódolos seus socios de número.

2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderá transcorrer máis de 20.

Artigo 17º.-

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.
- d) Proposicións que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.

2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou roceda legalmente.

Artigo 18º.-

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos presentes, requeriéndose unha maioría cualificada e un quorum determinado de asistencia para aqueles asuntos que establezan os estatutos. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

CAPITULO IV RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 19º.-

O réxime documental do Club, constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

Artigo 20º.-

No libro de Rexistro de Socios, terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Club. Tamén hanse especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 21º.-

No libro de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 22º

Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos do Club, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 23º

Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24º

Así mesmo o Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

CAPITULO V RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 25º.-

1. No momento da creación do Club deportivo, non dispón de patrimonio fundacional.
2. No futuro o patrimonio do Club estará integrado por:

- a) As aportacións económicas dos socios, que aprobe a Asemblea Xeral.
- b) As doazóns e subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que pode producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.
- e) Calquera outra achega que obteña para ser destinada ó cumprimento dos seus fins.

Queda expresamente excluído como fin do Club o ánimo de lucro e a totalidade de seus ingresos e beneficios aplicaranse ó cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 26º.-

O Club poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
- b) Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico actuarial.
- c) Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 27º.-

O Club poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, que serán nominativos.

Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 28º.-

Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º.-

Os títulos de parte alícuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.-

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VI REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUB

Artigo 31º.-

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derrogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro Entidades Deportivas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 32º.-

O Club extinguirase ou disolverase por acordo de:

- a) Dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto.
- b) Por sentenza xudicial.
- c) Por outras causas legalmente determinadas.

En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Entidades Deportivas.

Artigo 33º.-

Disolvido O Club, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.